

Boletín CAIA 11

Outubro 2024



Encontro das/os vogais do CAIA na residencia de tempo libre de Panxón

A fin de semana do 4, 5 e 6 de outubro na Residencia de Tempo Libre de Panxón (Nigrán) levouse a cabo o Iº Encontro Interno do CAIA. Aínda que o tempo non acompañou, iso non parou os/as vogais para desfrutar dunha fin de semana con moitas actividades, entre elas: surf, un percorrido medioambiental, a mesa redonda con poñentes convidadas... pero sen esquecermos do ocio.



Fin de semana de encontro para o grupo Redeir@s

A fin de semana do 19 e 20 de outubro os membros de Redeir@s tiveron un encontro no que realizaron diferentes actividades, e debateron sobre os dereitos da infancia e adolescencia.


“A participación é o espazo seguro onde expresarnos e que se nos escoite”

A pesar da estendida crenza de que a xuventude non ten inquiredanzas políticas, a realidade é que informes e enquisas amósannos os datos contrarios.



¿Que facemos ante un caso de violencia contra a infancia?

Previr a violencia contra a infancia e adolescencia é cousa de todos e todas nos nosos municipios. Máis xorden as seguintes dúbidas: *¿sabemos como actuar? ¿coñecemos os pasos que debemos dar?*



O coche ocupa case o 70% do espazo público urbano

No XX Congreso de Transporte Urbano e Metropolitano debateuse sobre a necesidade de modificar a rede de transportes das nosas urbes, posto que a prioridade que se lle da os vehículos estase pondo encima de moitos outros



A OMS está preocupada pola saúde mental na infancia e adolescencia

Un de cada sete adolescentes ou mozos/as, padece algún tipo de trastorno mental, situando a depresión, ansiedade e trastornos de conducta entre os principais.

A OMS amosa a súa preocupación posto que cando un trastorno deste tipo non se trata, as consecuencias enténdense cara a idade adulta limitando as posibilidades de gozar dunha vida plena.



Eurochild pide un maior compromiso cos dereitos da infancia na nova Comisión Europea

Eurochild está preocupada pola ausencia dun enfoque de dereitos na infancia e pide a Comisión Europea que tome medidas firmes e decisivas para situar os dereitos de todos/as os nenos/as no centro das súas políticas e lexislación

Experiencias noutros territorios



Así foi a LCOY: “Cada un dende a súa perspectiva e traxectoria pode aportar á acción climática”

Antes de cada Cumbre sobre o Cambio Climático (COP) organizase unha Conferencia Global de Xuventude (COY), ca finalidade de recoller as demandas dos xoves en materia de acción climática. Previamente a isto teñen lugar as conferencias de xuventude locais (LCOY) co obxectivo de formar ós xoves e elaborar un informe cas súas demandas.



III Encontro Estatal do CEPIA

A fin de semana do 26 e 27 de outubro tivo en Guadarrama lugar o III Encontro Estatal do CEPIA. Os/as compañeiros/as do Consello Estatal estiveron traballando na defensa dos dereitos da Infancia e Adolescencia, e ademais, tiveron a oportunidade de compartir esas reflexións coa Ministra de Xuventude e Infancia, Sira Rego.



Cataluña prepara o 3º Congreso da Infancia e Adolescencia. Baixo o lema “Redución das desigualdades”

Os voagis do CNIAC (Consello Autonómico de Cataluña) están preparando o terceiro congreso da infancia e adolescencia, este ano versará sobre a redución das desigualdades.



Vogais do CEPIA falan sobre o modelo #Barnahaus

As dúas representantes galegas no CEPIA, Irene e Uxía, presentaron na Xornada Final do #Barnahaus xunto coa subdirectora de programas do Ministerio Itziar Abad, as aportacións do CEPIA ante a violencia sexual cara a infancia e adolescencia.